



IV PREMIO ARESA

Excelentísimo señor presidente, dignísimas autoridades, benqueridos amigos.

Vai catro anos que aquí nos reúne o mesmo motivo, a entrega do Premio Aresa de Desenvolvemento Rural. E a ninguén lle pode estranar que unha institución con cinco séculos de vida, como é a Universidade de Santiago, e a propia Aresa, un grupo empresarial novo pero dinámico, perseveren nesta iniciativa. O que a todos nos sorprende é que en cada convocatoria afloren galardoados de méritos tan fundamentados.

Iso ven nos dar a razón ós que creamos o Premio Aresa como consecuencia lóxica dun feixe de argumentos que obrigaban a actuar a prol do medio rural e de cantos están comprometidos no seu desenvolvemento. De aí que o de hoxe sexa un día dobremente festivo: Porque o Premio Aresa está consolidado e porque cada vez son máis e mellores os que defenden o campo galego, os que nos defenden.

Nesta categoría figura con méritos ben sobrados o **gañador do IV Premio Aresa, Xosé Manuel Silva**. De él poderíamos salientar moitas cualidades, das que non é pouco o ser fillo de Chantada. Pero hai un rasgo que a min me impresiona especialmente. Considerando o posto que ocupa e procedendo desta nosa terra, era ben doado para un director xeral da Administración Europea incurrir no localismo para facer máis lenes as obrigas modernizadoras que a agricultura galega require. Él ben sabe

que iso sería pan para hoxe e fame para mañá. Como Xosé Manuel é un home de ben, prefire o futuro sobre os réditos a curto prazo. Moitas gracias pola túa firmeza de progreso.

Chegados a este punto, permítanme unha moi breve reflexión sobre o presente do noso sector primario. Galicia vive un proceso de perda de importancia económica das actividades agrarias e gandeiras, un fenómeno que os expertos denominan desagrarización. Ésta non resulta necesariamente mala sempre que se aproveite para abrírnos a unha nova economía rural na que as industrias agroalimentarias e os servicios compensen o declive da agrogandeiría tradicional, que asemade hai que modernizar.

Certo que das manifestacións negativas da desagrarización hai unha ben doorosa, a perda de ocupación laboral, que irá a máis. Pero nin ese dato nin a redución da superficie cultivada nos deben sumir no pesimismo. Porque se trata de afrontar o reto e reaccionar. Son novos tempos e temos que adoptar novas fórmulas, que pasan pola calidade, pola eficiencia e polos cultivos máis rendibles.

Neste senso, en Aresa temos a inquedaanza por estar á altura en tódolos frentes, e, si me permiten, gustaríame compartir con vostedes algún dos nosos proxectos:

No noso principal campo de actividade, os abonos, estamos a producir na nosa planta de Rábade as primeiras partidas de abono orgánico, froito de arduos traballos de investigación. En canto á Todocampo, empresa que nacía fai pouco mais dun ano, e que lles mencionaba na pasada edición do Premio, xa é

hoxe unha sólida realidade na que temos moitas ilusións depositadas.

Finalmente, quero mencionar a creación de Granova, empresa que nace do noso afán por manter sempre os máximos niveis de calidade. Esta fábrica, ubicada no municipio de Begonte, é unha planta de procesado de cereales que nos vai permitir completar a nosa gama de alimentación animal con mais e mellores productos.

Remato, dignísimas autoridades, queridos amigos todos, manifestando o agradecemento do grupo Aresa pola súa presenza, que tanto nos honra. De maneira moi especial manifesto a nosa gratitude ó excelentísimo conselleiro de Agricultura, que nos trae o saúdo do presidente Fraga, e ó noso alcalde. Tamén quedamos en débeda cos membros do xurado e nomeadamente co rector Senén Barro, que nos deu un impagable exemplo práctico de cómo xestionar as relacións entre universidade e empresa, do que tanto se teoriza. Para o premiado, de novo a miña felicitación.

Moitas gracias.